

M^a DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que na sesión realizada pola Xunta de Goberno Local deste Concello o día 11 de abril de 2024, entre outros adoptouse o acordo que literalmente di:

“6.- Convenio subvención nominativa ANPA RABUÑOSO 2024

A Secretaria-interventora da lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“SINATURA CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE MEIS E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS ANPA RABUÑOSO DO CRA DE MEIS PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA

Que por motivos de conciliación da vida familiar coa laboral das nais e pais do estudantado de Meis existe no noso concello a demanda dun servizo de almorzo escolar que permita anticipar a hora de entrada do alumnado nos centros de ensino.

Que o Concello de Meis ten interese na promoción de servizos complementarios do ensino dirixidos en condicións de igualdade a toda a poboación escolar do concello, que contribúan ao benestar da veciñanza e melloren a calidade do propio servizo educativo. Valórase a prestación conxunta do servizo para facilitar a publicidade, a ordenación e a transparencia do mesmo.

Que a ANPA Rabuñoso do CRA de Meis ten en funcionamento na actualidade un servizo de Plan Madruga.

Que consideran necesaria a colaboración entre ambas entidades para manter o servizo de Plan Madruga en condicións de igualdade cos restantes centros de ensino público.

Visto o informe da Secretaría-Intervención municipal adxunta número 2024-0035, de data 03/04/2024, propónse a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención nominativa á Asociación de nais e pais Anpa Rabuñoso do CRA de Meis para o financiamento do Plan Madruga de acordo coas bases de execución do orzamento do Concello de Meis para o 2024 e o Plan Estratéxico de subvencións 2024-2026.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Meis e a Asociación de nais e pais Anpa Rabuñoso do CRA de Meis a través do cal se canaliza a presente subvención:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MEIS E A ANPA
“RABUÑOSO” DO COLEXIO RURAL AGRUPADO DE MEIS PARA O
FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA**

En Meis, na Casa do Concello de Meis, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, **Dona Marta Giráldez Barral**, na súa calidade de Alcaldesa-Presidenta, en nome e representación do Concello, en virtude do artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, actuando especialmente autorizada para



firma do presente Convenio por acordo da Xunta de Goberno Local do __/__/2024 do Concello de Meis (CIF:P3602800I), con enderezo en Avenida de Cambados, 67 – O Mosteiro (Meis).

Doutra parte, **Dona María Josefa Cuñarro Outeda**, na súa condición de presidenta da Asociación de Nais e Pais de alumnos ANPA RABUÑOSO do CRA de Meis (CIF:G94180668) e enderezo social en Vilanoviña, 13C – Paradela (Meis), no se seu nome e representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e resto de documentación que figura no expediente.

E, actuando Dona María Carmen Merino Moina, en calidade de Secretaria do Concello de Meis, dando fe do acto, en virtude do previsto no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente capacidade legal suficiente e necesaria para subscribir en nome das institucións que en este acto representan o outorgamento do presente convenio, e a tal efecto,

EXPOÑEN

I.- Que por motivos de conciliación da vida familiar coa laboral das nais e pais do estudiantado de Meis existe no noso concello a demanda dun servizo de almorzo escolar que permite anticipar a hora de entrada do alumnado nos centros de ensino.

II.- Que o Concello de Meis ten interese na promoción de servizos complementarios do ensino dirixidos en condicións de igualdade a toda a poboación escolar do concello, que contribúan ao benestar da veciñanza e melloren a calidade do propio servizo educativo. Valórase a prestación conxunta do servizo para facilitar a publicidade, a ordenación e a transparencia do mesmo.

III.- Que a ANPA Rabuñoso do CRA de Meis ten en funcionamento na actualidade un servizo de Plan Madruga.

IV.- Que se considera necesaria a colaboración entre ambas entidades para manter o servizo de Plan Madruga en condicións de igualdade cos restantes centros de ensino público.

V.- Que a ANPA Rabuñoso conta coas autorizacións axeitadas para a organización do servizo de almorzo escolar “Plan Madruga”.

VI.- Que respecto do ámbito competencial, o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

VII.- Que o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, recolle que o Concello de Meis recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.



VIII.- Que o Concello de Meis como institución pública máis preto do cidadán comprométese a garantir a participación cidadá dos diversos axentes que conforman a actividade educativa, e non quere ser allea á necesidade e demanda exposta pola ANPA Rabuñoso, na procura de contribuír a mellorar a calidade do seu ensino público e gratuíto.

Que é vontade de ambas as entidades colaborar no campo a conciliación da vida familiar como condición necesaria vinculada á realidade da sociedade actual e de conformidade co anterior,

MANIFESTAN

I.- Que o CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA) é unha institución de dereito público, con personalidade xurídica propia que ten entre as súas finalidades e competencias propias a ocupación do tempo libre, de conformidade co artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Dentro do ámbito das súas competencias está interesado en favorecer a conciliación da vida familiar como condición necesaria vinculada á realidade actual a través da realización de actividades extraescolares que leva a cabo a Asociación de nais e pais de alumnos Rabuñoso do CRA de Meis.

II.- Que a ANPA "RABUÑOSO DO CRA DE MEIS", con fins de interese xeral e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que se rexe pola Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e o Real Decreto 1533/1986 do 11 de xullo, polo que se regulan as Asociacións de Pais e Nais de Alumnos, e demais normas aplicables.

A entidade está inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 2019/023039-1ª (PO) e co CIF G94180668. Asume conforme ao establecido nos seus estatutos, entre outros, os seguintes fins: "colaborar nas actividades educativas dos Centros, en nas actividades complementarias e extraescolares dos mesmos".

III.- Que o Concello de Meis, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia que a o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

IV.- Que o Concello de Meis considera que a prestación do servizo do Plan Madruga promovido pola ANPA Rabuñoso é unha actividade de utilidade pública de especial relevancia na nosa localidade.

V.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Meis do 2024 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 326/48010 para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no artigo 67 do seu regulamento, no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 25.3 das de Execución do Orzamento do Concello de Meis do 2024, unha subvención directa por razóns de interese público e social, como é en concreto coadxuvar á financiación dos gastos do Plan Madruga do alumnado do CRA de Meis correspondente aos meses que abranguen os períodos escolares dende 1 de xaneiro ao 15 de novembro de



2024.

VI.- Que a ANPA Rabuñoso non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da LXS e da LSG, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Meis, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os i intervenientes, declarándose mutuamente lexitimados e con vontade libre para iso, formalizan o presente convenio que haberá de rexerse polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Meis colaborará coa ANPA Rabuñoso do CRA de Meis coa cantidade máxima de MIL EUROS (1.000,00€) como contribución ao funcionamento do Plan Madruga entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2024, no marco da cooperación e fomento dos servizos complementarios de educación. Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 326/48010 do orzamento para 2024, que recolle esta subvención nominativa a cal se encontra incluída no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026, aprobado polo Concello-Pleno en sesión de data 23 de febreiro de 2024.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Meis a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SEGUNDA.- A axuda económica concedida irá destinada a sufragar un servizo de Plan Madruga durante os días lectivos sinalados como tales no calendario escolar, co nome "Plan Madruga". En concreto, destinarase a sufragar, entre outros, os seguintes conceptos:

- a) Custo diario do menú por estudante e por día de asistencia deste/a ao Plan Madruga.
- b) Custo da vixilancia e coidado do alumnado durante o desenvolvemento do servizo.
- c) Os gastos correntes nos que incorra a ANPA Rabuñoso como consecuencia da xestión do Plan Madruga, cun máximo do 5% do importe total do custo do servizo.

TERCEIRA.- A ANPA Rabuñoso comprométese a organizar e supervisar o funcionamento do Plan Madruga, correndo da súa conta as autorizacións pertinentes, a contratación do servizo e os gastos derivados do mesmo, para o que poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial do servizo. Tamén asumirá as responsabilidades que se deriven da posta en marcha da actividade, incluíndo as de responsabilidade civil, para o que contará co seguro esixible, eximindo ao Concello de



calquera responsabilidade non derivada da execución deste convenio.

A ANPA Rabuñoso fará constar en toda a publicidade que xere o servizo de Plan Madruga a colaboración do Concello de Meis.

A ANPA Rabuñoso deberá cumprir con todas as obrigas establecidas no artigo 14.1 da LXS e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da LSG. Tamén deberá someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Meis, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

CUARTA.- *O Concello de Meis librará o 60% da cantidade establecida na cláusula primeira, unha vez asinado o presente convenio.*

O 40% restante aboarase unha vez xustificada a totalidade do gasto anual.

Exímese á ANPA Rabuñoso da prestación de garantía polo pago anticipado da subvención.

QUINTA.- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a LXS e publicarase no portal de transparencia do Concello de Meis.*

SEXTA.- *A ANPA Rabuñoso do CRA de Meis deberá xustificar no prazo máximo que remata o día 30 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.*

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2. a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións).

A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

A xustificación realizarase por facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Así mesmo só poderán referirse a gastos realizados neste ano e para a finalidade que se recolle no Convenio. Ditos gastos deben vir acompañados dos xustificantes bancarios do seu pagamento (non se admiten pagos en efectivo).

Nesa xustificación a ANPA Rabuñoso remitiralle ao Concello de Meis unha conta xustificativa de ingresos e gastos na que figure a relación do alumnado que participou no servizo e no seu caso a cantidade de menús consumidos por persoa e mes co visto



e prace da dirección do centro educativo.

Achegarase ademais copia autenticada do contrato ou contratos subscritos para a prestación do servizo e as facturas orixinais cotexadas derivadas deste contrato en cada período de xustificación xunto coa acreditación do seu pagamento (xustificantes bancarios).

Xuntamente coa liquidación anual, a ANPA Rabuñoso deberá subscribir unha declaración responsable das axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin. O conxunto das axudas recibidas non poderá superar o 100% do custo da actividade.

Se a axuda do Concello máis as restantes subvencións ou ingresos por esta actividade, máis as cotas pagadas polas persoas usuarias superan o custo total da actividade, a ANPA Rabuñoso comprométese a reintegrar ao Concello as cantidades excedentes.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

SÉTIMA.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da LSG.

OITAVA.- A beneficiaria comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concibidos. O Concello de Meis poderá comprobar, cando o considere pertinente, o correcto desenvolvemento do servizo do Plan Madruga e reclamar canta documentación considere oportuna para a xustificación do mesmo.

NOVENA.- As dúbidas que se presenten na interpretación do presente Convenio, serán resoltas pola alcaldesa de Meis, co que se porá fin á vía administrativa.

DÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e polo órgano interventor do Concello, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da LXS e 33 da LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a



beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da LSG e na LPACAP.

DÉCIMO TERCEIRA.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na LPACAP, e na normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Meis.

DÉCIMO CUARTA.- A participación do Concello de Meis concrétese na concesión dunha subvención directa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Meis e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

DÉCIMO QUINTA.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO SEXTA.- O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación deste Convenio, deberán liquidarse de mutuo acordo entre as partes e, en defecto de acordo, o coñecemento destas cuestións corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA.- O presente convenio terá vixencia dende a súa firma ata a finalización do exercicio. Non admite prórrogas.

As partes intervinientes, lido o presente documento e en proba da súa conformidade co seu íntegro contido, asinan electrónicamente o presente Convenio, no lugar e data ut supra indicado”.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de 1.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 326/48010 a favor da Asociación de nais de pais ANPA RABUÑOSO, en concepto de “Convenio para financiamento do Plan Madruga”

CUARTO.- Autorizar á alcaldesa a sinatura do Convenio establecido entre o Concello de MEIS e a ANPA Rabuñoso para o financiamento do “Plan Madruga”.

QUINTO.- Unha vez asinado o convenio, recoñecer a obriga por importe de 600,00€, en concepto de pago anticipado do 60% do referido convenio, conforme ao disposto na cláusula 4ª.



SEXTO.- *Publicar o Convenio, unha vez asinado, na Sede Electrónica do Concello para dar cumprimento ás obrigas de transparencia recollidas no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.*

SÉPTIMO.- *Remitir a información sobre o presente acordo á Base de datos nacional de subvencións."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación da proposta da alcaldía."

E para que conste, expido este certificado, de orde e co Visto e Prace da Sra. Alcaldesa.

Visto e prace
A alcaldesa

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRONICAMENTE

